

ACTA DE ESTUDO DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA NA SEGUNDA FASE PARA XUSTIFICAR BAIXAS TEMERARIAS E VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCÉDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NO NÚCLEO DE CAROUBÁNS (COVAS) DO CONCELLO DE AMES. POS + 2017

Na Casa do Concello de Ames sendo as dez horas e cincuenta minutos do día 9 de abril de dous mil dezaioito reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto das obras PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NO NÚCLEO DE CAROUBÁNS (COVAS).

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Vogais:

- Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Secretario: Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

A secretaria comeza explicando que na reunión do día 7 de marzo de 2018 (para valorar as ofertas consideradas como desproporcionadas e comprobar, se procedía, ou non, a adxudicación da licitación en curso) á vista do resultado do informe, emitido por María Gamundi Fernández, arquitecta técnica do Concello, procedía a exclusión do procedemento de licitación, das empresas CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL E CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

Tendo en conta que na licitación había empresas vinculadas, no primeiro cálculo económico só se tiveron en conta para calcular as posibles baixas temerarias os prezos máis baixos das empresas que manifestaron a súa vinculación. Debido a elo e para seguir adiante co procedemento de clasificación das ofertas presentadas era necesario introducir na fórmula de cálculo da Deputación Provincial as ofertas das empresas vinculadas, que quedarán fóra do primeiro cálculo por ser a súa oferta máis elevada que a da empresa vinculada elixida.

A continuación procediuse á valoración das ofertas presentadas incluíndo as que quedarán fóra do primeiro cálculo por incluír só a máis baixa das empresas que manifestaran a súa vinculación, obténdose o seguinte resultado:

Tipo de licitación con IVE: 32.317,95.- Euros

	EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	% DE BAIXA	BAIXA TEMERARIA
1	EXCAVACIONES POSE SL	29.645,00	8,27	
3	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	21.585,15	33,21	
4	CONSTRUCCIONES MANTIDO SL	24.513,17	24,15	
5	OVIGA SL	22.420,01	30,63	
6	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL	22.264,00	31,11	
7	SONDEOS PORZUNA SL	21.016,36	34,97	SI

9	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	20.719,04	35,89	SI
10	ASFALGAL TÉCNICA VIARIA SL	23.879,73	26,11	
11	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	22.716,54	29,71	
12	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	24.277,24	24,88	
13	OBRAS Y VIALES CERNE SL	23.837,00	26,24	
14	AQUABLUE SL	24.428,65	24,41	
15	CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	24.219,87	25,06	
16	CANARGA CONSTRUCCIONES SL	22.784,00	29,50	

De novo, ante as elevadas porcentaxes de baixa presentados polos licitadores e ó obxecto de comprobar se existen ofertas económicas que poidan considerarse desproporcionadas ou anormais, despois de realizar (de novo) os cálculos (co programa da Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, obsérvase que as proposicións presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL, que ofertou unha baixa do 35,89 %, e SONDEOS PORZUNA SL, que ofertou unha baixa do 34,97 %, están consideradas como desproporcionadas e anormais (**ver cadro de valoración do programa da Deputación adxunto**). Á vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes **ACORDOU:**

1º.- Dirixir escrito vía fax ás empresas, cuxa oferta se considera como desproporcionada, concedéndolle un prazo de **5 días naturais** ós efectos de que xustifiquen ante a mesa de contratación a baixa ofertada, acompañando para elo a documentación que estimen necesaria para a devandita xustificación. En todo caso, deberán ter en conta o estipulado no artigo 152.3 do RDL 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da lei de contratos do sector público.

2.- Que a mesa se reuniría novamente para puntuar as ofertas económicas unha vez que polos servizos técnicos se emitira o informe sobre a documentación xustificativa das baixas que presentaran os licitadores.

Con data 12 de marzo de 2018 remitíuselle escrito de requirimento ás dúas empresas que segundo o programa de cálculo da Deputación Provincial seguían entrando en oferta económica desproporcionada. Transcorrido o tempo concedido para a xustificación presentaron a documentación as dúas empresas requiridas. Debido ó anteriormente exposto douselle traslado, de novo, ós servizos técnicos do Concello da documentación presentada polas dúas empresas para xustificar a súa oferta económica.

A arquitecta técnica municipal, María Gamundi Fernández, emitiu informe, con data 4 de abril de 2018, que transcrito literalmente dí:



INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR SONDEOS PORZUNA, SL E CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, SL RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DAS OFERTAS PRESENTADAS NO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA "PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NO NÚCLEO DE CAROUBÁNS (COVAS) DO CONCELLO DE AMES

ANTECEDENTES:

O Concello de Ames ten convocado procedemento aberto para a execución da obra referencia, cun presuposto de licitación máis IVE de 32.317,95 € Despois de varios trámites a acordos da Mesa de Contratación, esta dálle un prazo de 5 días naturais ás empresas

CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL
SONDEOS PORZUNA SL

para que xustifiquen as baixas ofertadas, tendo en conta que se atopan en presunción de temeridade.

Ambas as dúas empresas presentan documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.

INFORME:

CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL

A empresa expón que a oferta económica presentada é o resultado dun estudo económico que se ten feito analizando as partidas que compoñen o orzamento, e en especial as unidades de mestura bituminosa, base granular e tratamentos asfálticos, nas cales a empresa está especializada, así como acopios importantes nas canteiras de material granular.

Materiais:

A empresa forma parte dun grupo de empresas que posúe canteiras e planta asfáltica propias. As primeiras producen áridos grosos, finos e zahorras artificiais. Ademais, conta unha planta de lavado de áridos grosos e finos. A planta asfáltica está capacitada para fabricar aglomerados en quente dentro das mesturas convencionais, e mesturas descontínuas e rodaduras drenantes.

A empresa é comercializadora dos áridos necesarios para executar a obra e, ademais, está executando na actualidade outras obras das que está extraendo xabre zahorra natural moi adecuadas para esta obra.

Por outra banda, son grandes consumidores de produtos bituminosos, prefabricados, etc, o que lles permite acadar grandes descontos.

Maquinaria e man de obra:

A empresa conta cunha ampla plantilla de administrativos, técnicos e operarios en constante formación; e cun parque de maquinaria e equipos que están, na súa maior parte, amortizados, o que lles fai ser moi competitivos.

Avaliación da xustificación presentada:

A empresa licitadora non achega un estudo económico detallado do proxecto que permita xustificar a baixa presentada, senón que tan so expón unha serie de argumentos e consideracións xerais que lle levan a acreditar a viabilidade da súa oferta.

Estas circunstancias que enumeran (propiedade de canteiras e plantas de asfaltado, etc) non cabe dúbida de que son factores positivos e relevantes que deben ser tidos en conta, pero non son suficientes, posto que non se cuantifica o peso que teñen na composición do orzamento. Bótase, en falta, por exemplo, un orzamento comparativo por partidas, elaboración de novos prezos descompostos, análise dos gastos xerais, etc.

SONDEOS PORZUNA SL

Esta empresa reproduce de xeito literal os argumentos empregados por CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL, polo que a valoración feita da documentación presentada é a mesma que a do anterior licitador.

CONCLUSIÓN:

Examinada a documentación presentadas polas empresas licitadoras para xustificar as ofertas económicas realizadas, **considérase que ningunha delas a xustifica de xeito adecuado, polo que se informan desfavorablemente.**

A vista do resultado do informe, emitido por María Gamundi Fernández, procede a exclusión, das empresas



Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Cruña)

cdncellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org

Tel: 981 883 002
Fax: 981 883 325

Construcciones J. Mauri e Hijos SL e Sondeos Porzuna SL, do procedemento por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

A continuación procédese a valoración dos sobres C, de novo, para efectuar os cálculos que permitan adjudicar a obra de pavimentación de viais no núcleo de Caroubáns (Covas), obténdose o seguinte resultado:

Tipo de licitación con IVE: 32.317,95.- Euros

	EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	% DE BAIXA	PUNTOS
1	EXCAVACIONES POSE SL	29.645,00	8,27	10,14
3	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	21.585,15	33,21	37,23
4	CONSTRUCCIONES MANTIDO SL	24.513,17	24,15	27,49
5	OVIGA SL	22.420,01	30,63	34,50
6	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL	22.264,00	31,11	35,01
10	ASFALGAL TÉCNICA VIARIA SL	23.879,73	26,11	29,64
11	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	22.716,54	29,71	33,54
12	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	24.277,24	24,88	28,29
13	OBRAS Y VIALES CERNE SL	23.837,00	26,24	29,78
14	AQUABLUE SL	24.428,65	24,41	27,78
15	CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	24.219,87	25,06	28,49
16	CANARGA CONSTRUCCIONES SL	22.784,00	29,50	33,32

Unha vez obtida a puntuación total acadada polos licitadores, que seguían no procedemento de licitación, a Mesa de contratación de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público procede a elaborar a lista por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:


	EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	% DE BAIXA	PUNTOS
3	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	21.585,15	33,21	37,23
6	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL	22.264,00	31,11	35,01
5	OVIGA SL	22.420,01	30,63	34,50
11	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	22.716,54	29,71	33,54
16	CANARGA CONSTRUCCIONES SL	22.784,00	29,50	33,32
13	OBRAS Y VIALES CERNE SL	23.837,00	26,24	29,78
10	ASFALGAL TÉCNICA VIARIA SL	23.879,73	26,11	29,64
15	CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	24.219,87	25,06	28,49
12	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	24.277,24	24,88	28,29



Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)

concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org

Tel: 981 883 002
Fax: 981 883 925




14	AQUABLUE SL	24.428,65	24,41	27,78
4	CONSTRUCCIONES MANTIDO SL	24.513,17	24,15	27,49
1	EXCAVACIONES POSE SL	29.645,00	8,27	10,14

A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

1º.- Trasladar ao órgano de contratación a exclusión do procedemento das empresas Construcciones Ponciano Nieto SL, Construcciones Leonardo Miguélez SL, Sondeos Porzuna SL e Construcciones J. Mauri e Hijos SL por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

2º.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adjudicación da realización das obras de pavimentación de viais no núcleo de Caroubáns (Covas) á empresa **NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU** con CIF B-27802503 no prezo de dezasete mil oitocentos trinta e oito euros e noventa e sete euros (**17.838,97.- €**), máis o IVE correspondente que ascende a cantidade de tres mil setecentos corenta e seis euros e dezaioito céntimos (**3.746,18.- €**), así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adjudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as horas e trece minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.

